



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE XULLO DE 2020

ORDE DO DÍA

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para obras de rehabilitación de residencia sacerdotal na rúa Sánchez Freire nº 128.LIC/942/2019. Acórdase conceder a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para executar obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa do Olvido, 6. LIC/77/2020. Acórdase conceder a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para a reforma de vivenda unifamiliar no lugar de Rial de Laraño, 13. LIC/982/2017. Acórdase conceder a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar na rúa das Salvadas, 14. LIC/1602/2018. Acórdase conceder a licenza.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza de obras para restablecemento da legalidade urbanística no lugar de Aradas, 33-39. LAP/404/2017. Acórdase conceder a licenza.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á transmisión da participación do 60% da parcela D do Polígono do Tambre titularidade da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA a favor da ASOCIACIÓN AREA EMPRESARIAL DO TAMBRE. PTM/56/2017. Acórdase autorizar a transmisión solicitada polo prezo máximo de 268.097 euros máis coa conseguinte subrogación nas obrigas, condicións e limitacións establecidas pola Xunta de Goberno Local o 19 de outubro de 2010. Deberase dar conta ao Concello do acordo final de venda.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de inicio de avaliación ambiental da Modificación do artigo 21 (ordenanza 4B) da normativa do Plan Parcial do solo urbanizable programado número 6 (SUP-6). Santa Marta. PLA/14/2020. Acórdase remitir á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental a solicitude de inicio de procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da citada modificación, promovida polo concello de Santiago xunto co documento ambiental estratéxico (DAE) e co borrador do plan, todo segundo a documentación presentada no Rexistro Xeral do Concello o 22 de xullo de 2020. Tamén se acorda solicitar ao órgano ambiental que dea cumprimento aos trámites esixidos pola

lexislación aplicable na materia (75.3 da LSG, 186.3 do seu Regulamento de desenvolvemento e 30 e seguintes da LAA).

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á adxudicación da "prestación do servizo de intervención arqueolóxica mediante sondaxes valorativas no proxecto de acondicionamento exterior do castelo de A Rocha Forte (A Rocha, Santiago de Compostela), actuación cofinanciada polo FEDER no marco do programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020". Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa TEMPOS ARQUEOLÓGICOS SL, por un importe de 27.709 euros (22.900 euros máis 21% de IVE que ascende a 4.809 euros), ao ser a oferta máis vantaxosa das presentadas.

10.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbanse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito, correspondentes a:

- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 22.079,71 euros a favor de Mercartabria, SLU.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 9.041,83 euros a favor de Día Retail España SAU.
- Gastos por prestación do servizo de subministración de alimentos e produtos de hixiene básicos a persoas en situación de vulnerabilidade social, e aprobación de indemnización substitutiva por importe de 20.943,99 euros a favor de Día Retail España SAU.

11.- Convalidación das actuacións realizadas para adquisición de alimentos e produtos de hixiene básicos para persoas en situación de vulnerabilidade social. Contrato de emerxencia covid-19. Acórdase convalidar:

- As actuacións levadas a cabo en canto a outorgamento das axudas por alimentos e produtos de hixiene básicos na medida en que se corresponden na súa integridade coa declaración de urxencia declarada por reunir as persoas beneficiarias das mesmas os requisitos que a motivaron, en relación cos subministros que constan nas facturas, e recoñecer as obrigas derivadas de tales gastos a favor de terceiros, neste caso de Vego Supermercados SAU, por importe de 50 euros.
- As actuacións levadas a cabo en canto a outorgamento das axudas por alimentos e produtos de hixiene básicos na medida en que se corresponden na súa integridade coa declaración de urxencia declarada por reunir as persoas beneficiarias das mesmas os requisitos que a motivaron, en relación cos subministros que constan nas facturas, e recoñecer as obrigas derivadas de tales gastos a favor de terceiros, neste caso de Tito González Arca, por importe de 1.549,77 euros.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Obras relativa á aprobación do proxecto de acondicionamento da escola unitaria de San Marcos, a construción anexa e a súa parcela. Apróbase o "Refundido de Proxecto de Mellora de accesibilidade nun local destinado a Centro Social" no edificio da escola unitaria de San Marcos, a construción anexa e a súa parcela, coas seguintes condicións:

- Os muros pintaranse nunha única cor a escoller de entre as cores de fondo recomendadas pola páxina 53 do Tomo VII.GAP Galicia Central da Guía de cor e materiais de Galicia, sempre en acabados lisos e mate. As novas reixas e varandas

pintaranse nunha das cores que a mesma páxina da guía recomenda para cerrallarías.

- Como complemento de peche de parcela admítese o uso dun sebes vexetais, sempre que se empreguen especies de carácter autóctono. Prohibense expresamente a disposición de elementos de ocultación, como sebes artificiais, teas, canizos ou similares ancorados á malla ou acaroados á mesma.
- Os bordos das novas superficies pavimentadas e ramplas presentarán un encontro coidado cos pavimentos existentes, evitando resaltos e aliñacións crebadas.

13.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao requerimento á empresa PATRIMONIAL FERANPE S.L. adxudicataria do "subministro mediante renting de un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela (lote II)" para que aboe unha cantidade en concepto de quilómetros non consumidos durante o 1º ano de alugueiro respecto dos quilómetros/ano estimados. Requírese á empresa, por este concepto, a cantidade de 550,89 euros, sen IVE.

14.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao requerimento á empresa PATRIMONIAL FERANPE S.L. adxudicataria do "subministro mediante renting de un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela (lote II)" para que aboe unha cantidade en concepto de quilómetros non consumidos durante o 2º ano de alugueiro respecto dos quilómetros/ano estimados. Requírese á empresa, por este concepto, a cantidade de 698,54 euros, sen IVE.

15.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa ao requirimento á empresa PATRIMONIAL FERANPE S.L. adxudicataria do "subministro mediante renting de un vehículo todoterreo para a policía local do Concello de Santiago de Compostela (lote II)" para que aboe unha cantidade en concepto de quilómetros non consumidos durante o 3º ano de alugueiro respecto dos quilómetros/ano estimados. Requírese á empresa, por este concepto, a cantidade de 743,09 euros, sen IVE.

16.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á devolución da fianza constituída para responder do contrato de "execución das obras do proxecto "Mellora e rehabilitación dos pavimentos nos viais das parroquias de Sabugueira, Figueiras e Marrozos". do Plan Complementario POS 2016. Acórdase autorizar a devolución da fianza de 5.347,93 euros, constituída pola empresa Obras y Viales de Galicia (OVIGA) para responder do contrato.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á solicitude de subvención ao transporte colectivo urbano interior. Acórdase solicitar dita subvención perante a Secretaría Xeral de Financiación Autonómica e Local, dependente do Ministerio de Facenda

18.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á transmisión da titularidade da licenza de taxi número 9. Acórdase autorizar a transmisión de dita licenza.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á compensación económica a TUSSA por déficit xerado polas medidas e acordos municipais ditados pola crise do covid-19, pola súa incidencia no encargo como medio propio do servizo de xestión directa do guindastre e ORA. Apróbbase a liquídanse os gastos, recoñecemento a correspondente obriga, polo importe de **110.760,68 euros**, ao obxecto de manter o equilibrio económico do encargo e garantir o cumprimento nos pagos, tanto salariais, como a provedores. Esta cantidade resulta duns costes fixos de 317.767,48 euros

no período do 16 de marzo ao 31 de maio; aos que se lle resta a facturación emitida no mesmo período polos servizos prestados, que é de 207.006,8 euros.

20.- Proposta da Alcaldía relativa á aceptación da subvención da Xunta de Galicia para a realización do obradoiro de emprego "Santiago sustentable II". Acórdase **aceptar a subvención** da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña, **para a realización do citado obradoiro, por importe de 369.492,32 euros.** A aportación do concello será de 27.470,04 euros.

21.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación das bases para a selección do alumnado traballador e persoal director e docente do obradoiro de emprego "Santiago sustentable II". Apróbanse as bases do obradoiro, que terá **unha duración de 12 meses e formará a 16 alumnos/as traballadores/as.** O alumnado será contratado, baixo a modalidade de contrato para formación e aprendizaxe.

O obradoiro está dirixido a persoas de 18 anos ou máis desempregadas, do concello de Santiago. No caso de non atoparse candidatos suficientes, ampliaríase a sondaxe a concellos limítrofes.

No marco deste obradoiro tamén está previsto contratar a un director, un mestre de desenvolvemento de Aplicacións con tecnoloxías web, un mestre de desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos e un mestre de formación complementaria.

A especialidade a impartir é "Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxías web (IFCD0210) e desenvolvemento de produtos audiovisuais multimedia interactivos (IMSV0209)"

22.- Dar conta polo concelleiro delegado de Centros Socioculturais da concesión da subvención da Xunta de Galicia de novidades editoriais e mellora das coleccións bibliográficas, para a biblioteca municipal José Saramago, ano 2020. Dase conta da concesión das subvencións da Consellería de Cultura e Turismo, por importe de 3.411,25 euros para a dotación de novidades en galego en formato físico, e de 4.830,91 euros, para a mellora das coleccións bibliográficas da Biblioteca Pública Municipal José Saramago.

23.- Dar conta polo concelleiro delegado de Centros Socioculturais da concesión do programa LER CONTA MOITO 2020. Dáse conta da concesión das subvencións da Consellería de Cultura e Turismo de 3.436,12 euros, para a programación das actividades de dinamización da lectura nas salas da Biblioteca Pública Municipal José Saramago de Conxo, Vite, Fontiñas, e Santa Marta. O importe concedido deberá empregarse para financiar o 75% do custe das actividades. O Concello financia o 25% restante.

24.- Dar conta polo concelleiro delegado de Centros socioculturais da resolución aprobatoria da adxudicación aos concellos da provincia da Coruña dos espectáculos correspondentes ao programa REDE CULTURAL 2020. Dáse conta dos espectáculos concedidos de monicreques, contacontos, teatro, clown, maxia, etc., que teñen un custe total de 10.967,37 euros, dos que a Deputación abonaría un 30% (**3.290,21 euros**), e o Concello o 60% (7.677,16 euros). Sería unha subvención postpagable, é dicir, o concello paga a totalidade do caché dos grupos e artistas e unha vez xustificada a axuda, recibe o abono por parte da entidade provincial.

URXENCIAS

1. Proposta de aprobación da relación definitiva de matrícula e lista de agarda na Escola Municipal de Música para o curso escolar 2020-2021. Apróbase a relación definitiva de matrícula e lista de agarda na Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela para o curso 2020-2021. Tal e como recolle o acordo de Xunta de Goberno Local de 24 de febreiro de 2020, as persoas deben estar empadroadas no Concello de

Santiago ou cursar estudos da ensinanza obrigatoria ou estudos de grao medio, superior ou estudos universitarios en Santiago, polo que a admisión definitiva na Escola Municipal de Música quedará suxeita ao cumprimento destes requisitos.

2. **Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á concesión de licenza para a construción dun edificio de dous bloques de vivendas, locais comerciais e trasteiros na rúa Manuel Ceruelo, 2, en TrasPaxonal-SUNP14.** Acórdase conceder a licenza para a construción dun edificio en 2 bloques de planta baixa, 4 plantas e 2 sotos, para 45 vivendas, locais comerciais e trasteiros.
3. **Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda de aprobación do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario 2020-CREXT-11 de importe 370.500 euros, financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2019.** Apróbase a citada modificación de crédito por un importe de 300.500 euros, coa finalidade de atender á adquisición de vehículos eléctricos puros e vehículos eléctricos con etiqueta ambiental ECO e infraestruturas de recarga. Serían:
 - a. 4 vehículos tipo turismo etiqueta ECO e 1 furgoneta eléctrica para a policía local.
 - b. Subministro e instalación de infraestrutura de recarga (3) para a policía local
 - c. Subministro (1) vehículo tipo turismo eléctrico para o servizo de protección civil municipal
 - d. Subministro dunha furgoneta eléctrica para o servizo de extinción de incendios e salvamento
 - e. Subministro e instalación de infraestruturas de recarga (1) para o servizo de extinción de incendios e salvamento.
4. **Proposta do concelleiro de Barrios e Obras de adxudicación do contrato de execución do proxecto de reparación do muro entre as rúas París en Luxemburgo, en Fontiñas.** Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA SL**, por un importe de **250.029,56 euros** (206.636 máis 21% de IVE que ascende a 43.393,56 euros), ao ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas. Así mesmo, compromete un xefe de obra titulado superior a xornada completa, dous técnicos adicionais, un espazo habilitado a disposición do Concello, unha ampliación de 5 anos do prazo de garantía, un incremento do 2% do rozamento do control de calidade e do 2% do orzamento de actuación ambiental.